 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

INDICE

TITULO I: DISPOSICION XERAIS

TITULO II: COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

CAPITULO I: ORGANOS DE GOBERNO

CAPITULO II: OUTROS ORGANOS UNIPERSONAIS

CAPITULO III: TÉCNICOS DEPORTIVOS

CAPITULO IV: DEPORTISTAS


CAPITULO V: DELEGADOS

CAPITULO VI: DO PERSOAL AUXILIAR

CAPITULO VII: DOUTROS ORGANOS

TITULO III: REXIME DISCIPLINARIO

TITULO IV: NORMAS DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIONES E MATERIAIS

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

TITULO I: DISPOSICIONS XERAIS

Artigo 1. Obxecto. O presente Regulamento de Réxime Interno ten por obxecto regula-la organización e funcionamento interno do **S.D. Club Ordenes** dentro do marco constituído pola lexislación deportiva vixente que lle resulta da aplicación e con suxección plena ó establecido nos seus Estatutos.

Artigo 2. Ambito de Aplicación. O presente Regulamento será de aplicación nos seguintes ámbitos:

- a) Ós deportistas inscritos no Club desde a formalización da súa inscrición ata a súa baixa.
- b) A todo o persoal técnico e auxiliar do Club.
- c) A tódolos pais/nais e representates legais dos deportistas menores de idade ata a súa baixa no Club, naqueles aspectos que lles sexa aplicable.
- d) A todas aquelas persoas ou entidades que por calquera motivo e temporalmente formen parte do Club.
- e) As instalacións deportivas propias do Club ubicadas en calquera lugar, aquelas que aínda que non sexan do Club, sexan utilizadas ou se despracen a elas membros do Club, para realizaren actividades deportivas, ou outras semellantes, reflexadas nos Estatutos do Club.
- f) Mentras dure a actividade deportiva do Club, ou eventos programados po-lo mesmo.

TITULO II: COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA

Capítulo I. Órganos de Goberno

Artigo 3. Estructura. O Club, de conformidade co establecido nos seus Estatutos, contará cos seguintes órganos de goberno.

- a) Organos Colexiados: Asemblea e Xunta Directiva.
- b) Organos Unipersonais: Presidente, Vicepresidente (s), Secretario, Tesoureiro e Vocais.


Entenderáse esta disposición sen prexuízo da existencia e función doutros órganos do Club, como Director Deportivo, Xerente, Secretario Técnico, Coordinador ou persoal auxiliar, etc.

Artigo 4. Principios de Actuación. Os órganos de goberno velarán para que as actividades do Club se desenrolen dentro dunha normalidade estatutaria. Os órganos de goberno do Club garantirán, no ámbito da súa competencia, o exercicio dos dereitos recoñecidos ós socios, deportistas, técnicos, auxiliares, así como a nais, pais e representantes legais dos menores de idade, e velarán polo cumprimento dos deberes correspondentes. Do mesmo xeito, favorecerán a participación de tódolos membros do Club na vida do mesmo e na súa xestión. A Xunta Directiva, constituirá unha Comisión de Disciplina, a que corresponderá a resolución dos expedientes incoados.

Capítulo II. Outros Órganos unipersonais

Artigo 5. Dos Vocais. A Xunta Directiva nomeará ós vocais, e a súa denominación será a de "Vocal-Delegado". Son funcións propias do Vocal-Delegado:

- a) Dirixir e coordinar tódalas actividades que se lle encomenden, de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias propias do Presidente e Xunta Directiva.
- b) Organizar os diferentes actos e reunións que celebre a sección baixo a súa competencia.
- c) Propoñer a Xunta Directiva o nomeamento e incorporación do persoal técnico preciso.
- d) Asesorar a Xunta Directiva nas materias da competencia da súa área.

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

- e) Executar, as que, dentro do ámbito da súa función, lle foran encomendadas por acordos da Asamblea Xeral ou da Xunta Directiva.

Artigo 6. Dos Secretarios Técnicos das Seccións. Baixo a dependencia directa do Vocal-Delegado, está o Secretario Técnico da Sección, que será nomeado pola Xunta Directiva a proposta do Presidente ou do Vocal-Delegado. Son funcións do Secretario Técnico:

- a) Realizar informes sobre deportistas, técnicos e persoal que poidan interesar o club.
- b) Actuar por delegación do Secretario Xeral como Secretario do Comité Técnico.
- c) Susituir ó Vocal-Delegado da Sección nos casos de ausencia.
- d) Todas cantas lle encomende o Vocal Delegado da Sección.
- e) No caso de non existir Coordinador ou Director Deportivo asumirá as funcións propias destes.

Artigo 7. Dos Coordinadores ou Directores Deportivos da Sección. A Sección contará con un ou varios Coordinadores ou Directores Deportivos, segundo determine a Xunta Directiva. Son competencias dos Coordinadores – Directores Deportivos:


- a) Exercer por Delegación do Vocal-Delegado o control do persoal técnico e de deportistas que pertencen a súa área.
- b) Participar na elaboración do Programa Deportivo específico da súa Sección e na Programación Anual do Club, e vixiar polo seu cumprimento.
- c) Coordinar e dirixir a acción dos técnicos conforme ó Plano Deportivo.
- d) Responsabilizarse do cumprimento das normas de convivencia por parte dos compoñentes da Sección así como velar polo puntual cumprimento do horario establecido para Técnicos e Deportistas no referente tanto os entrenamentos, como ós partidos oficiais ou non, ou a calquera outra actividade programada dende o Club.
- e) Organiza-las sesións dos técnicos ausentes, e sustituilos se fose preciso.
- f) Dispoñer con celeridade das medidas oportunas para que se atenda a deportistas enfermos ou lesionados.
- g) Organizar e supervisar, baixo a dependencia, do Vocal Delegado as actividades complementarias, eventos, etc.
- h) Organizar as reunións dos equipos, dos entrenadores, pais/nais, segundo as orientacións do Vocal-Delegado.
- i) Cuidar o aproveitamento óptimo dos recursos materiais asignados, tanto do equipamento como de calquera outro posto a sua disposición.
- j) Facilita-la organización dos deportistas e impulsar a súa participación no Club
- k) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo Vocal-Delegado no ámbito da súa competencia.

Os Coordinadores Deportivos serán designados e cesados pola Xunta Directiva, e cesarán ó producirse algunha das circunstancias seguintes: renuncia propia, finalización do acordo suscrito coa Xunta Directiva, e por decisión da Xunta Directiva, a proposta do Vocal Delegado.

Capítulo III. Técnicos Deportivos / Entrenadores.

Artigo 8. Carácter. Os técnicos deportivos e entrenadores son aqueles membros do Club que desempeñen a función docente no ámbito deportivo, e o seu exercicio orientarase a realización dos fins educativos e deportivos establecidos no Estatuto e acordos dos seus órganos de dirección. A designación e cese dos técnicos deportivos ou entrenadores compete a Xunta Directiva do Clube a proposta do Presidente ou do Vocal-Delegado.

Artigo 9. Dereitos dos Técnicos Deportivos Entrenadores. Os técnicos deportivos ostentan os seguintes dereitos:

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

- a) A exercer a súa función, dentro do respecto os Estatutos do Club, acordos do seus órganos de dirección e filosofía do Club, nos equipos ós que se destine.
- b) A ser informados por quen corresponda dos asuntos que atañen o Club en xeral e a eles en particular.
- c) A ser tratados con corrección e respecto polos resto dos estamentos e integrantes do Club.
- d) A utilizar os medios materiais e instalacións do Club para cumprir os fins do mesmo e con arreglo as normas que regulen o seu uso.
- e) A presentar peticións, suxerencias, queixas de orde deportivo, formuladas por escrito, ante os órganos unipersonales e Colexiados do Club.


Artigo 10. Deberes dos Técnicos Deportivos Entrenadores. Os técnicos deportivos ostentan os seguintes deberes:

- a) Elaborar a planificación das actividades deportivas ó seu cargo e unha vez aprobada polos órganos competentes nesta materia, desenvolver e cumprir coa súa programación establecida, así como participar nelas, salvo causa xustificada.
- b) Manter no aspecto persoal e no técnico-deportivo unha conducta digna e respetuosa co desenvolvemento da súa función, desenvolver con competencia, exactitude e puntualidade as tarefas e actividades correspondentes.
- c) Aplicar o Réxime disciplinario do clube no seu nivel de competencia.
- d) Cumprimentar o diario de entrenamientos, tomando os datos referidos a asistencia e comportamento dos deportistas e realiza-los informes que lle sexan solicitados.
- e) Manter o espazo deportivo limpo e ordenado durante a súa presenza no mesmo.
- f) Cumprir coa normativa establecida polos Coordinadores ou Directores Deportivos en canto a programas, metodoloxía, criterios de avaliación, obxectivos mínimos, controles, etc
- g) Levar sempre o equipamento deportivo adecuado.

Capítulo IV: Deportistas

Artigo 11. Dereitos. Dereitos dos deportistas:

- a) O deportista ten dereito a recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade, a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia; A educación que asegure a protección na saúde e desenvolvemento das capacidades físicas e a participación na mellora da calidade do ensino deportivo que realice no clube.
- b) Todos os deportistas teñen dereito as mesmas oportunidades de acceso ós distintos niveles deportivos. Non haberá máis limitacións que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o deporte. Para asegurar este dereito, o Club comprométese a facilitar:
 - Un técnico por equipo.
 - Instalacións deportivas.
 - Material deportivo idóneo propio da dotación da que se trate.
 - Equipamento deportivo para competicións oficiais.
 - Un horario de entreno pre-establecido.
 - O ensino da disciplina deportiva elexida.
 - A debida educación deportiva que contribua a completar a formación integral do deportista.
- c) Tódolos deportistas teñen dereito a que se respete a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto de vexacións físicas ou morales.
- d) Tódolos deportistas teñen dereito a que a súa actividade deportiva se desenvolva en condicións de seguridade e hixiene axeitadas.
- e) Os deportistas teñen dereito a participar no funcionamento do Club, a través da designación dos capitáns en cada un dos equipos que actuaran de forma individual e

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

poderán convocar, previa autorización da Xunta Directiva, reunións de deportistas. A tal fin facilitarase a utilización dos locais necesarios para garantir o exercicio deste dereito, que en todo caso realizarase respectando o normal desenvolvemento das actividades do Club.


- f) Tódolos membros do Club están obrigados ó respecto dos dereitos dos deportistas que se establecen na presente normativa.

Artigo 12. Deberes. Os deportistas teñen os seguintes deberes:

- a) Asistir os adestramentos previamente establecidos debidamente equipados (coa equipación deportiva que lle sexa facilitada polo Club) para a práctica deportiva que se trate, esforzándose e obrigándose a aprender e mellorar en tódolos aspectos.
- b) Asistir a tódolos partidos ós que sean convocados coa equipación deportiva que lle sexa facilitada polo Club. Sendo o equipamento deportivo o principal elemento identificador, os deportistas están obrigados a levalo, cumprindo as especificacións que para o mesmo se detallan.
- c) Asistir a tódolos partidos de competicións oficiais ou non, que sexan convocados polo club, aínda que, por circunstancias especiais e debidamente xustificadas, non pertenza a devandita categoría.
- d) Xustificar as ausencias dos adestramentos e partidos naqueles casos nos que non poda acudir, debendo comunicallo ó seu delegado de equipo, coa debida antelación (un mínimo de dous días a celebración do partido ou adestramento) salvo causas de forza maior.

Considéranse causas xustificadas:

- Enfermidade.
 - Motivos familiares.
 - Motivos Docentes.
 - Motivos Laborales.
 - Outros que estableza a Xunta Directiva.
- e) Non son motivos xustificadas:
- As non incluídas nas anteriores.
 - Prácticas doutras actividades da mesma disciplina ou afíns, sen permiso do club.
- f) Chegar puntualmente a hora indicada tanto ós adestramentos como ós partidos que sexan convocados.
- g) Cuida-lo material deportivo do Club e as súas instalacións facendo un uso axeitado e correcto dos mesmos. A tal fin deberá comunicar ó seu entrenador ou Delegado calquera anomalía sobre os mesmos.
- h) Devolver en perfectas condicións o equipamento que lle sexa facilitado polo Club cando sexa requerido para isto.
- i) Comportarse con corrección e respecto nos adestramentos, partidos e desprazamentos; con outros deportistas, compañeiros, árbitros, entrenadores e calquera persoa relacionada coa actividade deportiva.
- j) Comprometerse co desenvolvemento da actividade deportiva durante toda a tempada, sen perxudicar ós intereses deportivos e formativos do seu equipo, atendendo as orientacións dos técnicos respecto ó seu aprendizaxe.
- k) Constitúe un deber dos deportistas o respecto as normas de convivencia dentro e fora do club. Este deber concretase nas seguintes obrigas:
- Respetar a liberdade de conciencia e dignidade, integridade e intimidade de todos os membros do Club, así como a función que desenvolvan no mesmo.
 - Non discriminar a ningún membro do Club por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
 - Respetar-las normas do Club.
 - Respetar e utilizar correctamente os bens materiais e as instalacións do Club.

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

- Respetar o Regulamento de Réxime Interno do Club.
- Respetar as decisións adoptadas polos Órganos de Dirección, sen prexuízo de que poidan impugnalas cando o estimen oportuno.
- Participar e colaborar activamente co resto dos membros do Club, para así lograr un mellor desenvolvemento na preparación deportiva e convivencia do Club.

Capítulo V: Dos Delegados de equipo.

Artigo 13. Natureza e funcións

Os Delegados de equipo dependen orgánicamente do Vocal-Delegado e son colaboradores directos do Coordinador ou Director Deportivo. Serán nomeados pola Xunta Directiva a proposta do Presidente ou do Vocal Delegado, e terán as seguintes funcións:

- a) Realizar todas as xestións administrativas do equipo.
- b) Asistir os partidos para exercer as atribucións que en materia de delegados de campo establece a lexislación vixente das distintas federacións.
- c) Comunicar a Xunta Directiva as queixas, reclamacións e suxerencias dos distintos deportistas.
- d) Comunicar os membros do equipo as disposicións da Xunta Directiva que lles afecten.
- e) Lograr o clima axeitado de colaboración entre pais/nais e técnicos.
- f) Manter estreita relación cos diferentes estamentos do Club, en especial co coordinador ou director deportivo, colaborando na solución dos posibles problemas que poidan xurdir e que afecten ós pais/nais e os deportistas.
- g) Estar informados permanentemente sobre a marcha do equipo.
- h) Acudir a cantas reunión sexan convocadas polo Vocal de Sección ou o Coordinador da Sección que corresponda, e manter así contactos periódicos para coñecer a marcha do equipo.
- i) Manter constante relación cos pais/nais do equipo para coordinar as propostas e recibir toda a información pertinente.

Sen prexuízo do anterior a Xunta Directiva poderá nas categorías cadete, infantil, alevín, benxamín e prebenxamín, convocar eleccións entre os pais/nais para delegado de equipo.


Capítulo VI: Do Persoal auxiliar

Artigo 15. Carácter.

Como responsable das tarefas auxiliares para o desenvolvemento da actividade deportiva, os membros do persoal auxiliar intégranse de pleno dereito no club. O persoal auxiliar dependerá orgánicamente da Xunta Directiva e/ou da persoa que esta designe, que ordenarán a súa actividade do xeito máis adecuado ós servizos propios do referido persoal.

Artigo 16. Dereitos e obrigas

- a) O persoal auxiliar ten dereito ó respecto e consideración dos componentes do club e o deber de prestar a éstos a súa asistencia e colaboración.
- b) Os membros do persoal auxiliar utilizarán roupa deportiva ou similar que se reservará para o seu uso específico e procurarán que o seu aspecto sexa sempre aseado e limpo.
- c) O comportamento e actitude hacia calquera membro do Club será de absoluta corrección e respecto no trato.

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

Capítulo VII: Doutrous órganos

Artigo 17.

A Xunta Directiva en virtude das competencias establecidas poderá crear comisións específicas para tarefas concretas, do mesmo xeito poderá poñer en funcionamento **Escolas Base** para tódolos deportes, mediante acordo, con competencias específicas por escrito, e comunicando a primeira Asemblea Xeral que se celebre tralo acordo.

Tódalas comisións estarán integradas como mínimo por tres membros e serán presididas polo Presidente da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue.

As **Escolas Deportivas** aglutinarán ata a categoría Xuvenil, inclusive. Estarán dirixidas polo Vocal da Sección ou persoa que se designe pola Xunta Directiva.

TITULO III: REXIME DISCIPLINARIO

Definición e Remisión

- a) A presente normativa será aplicada a tódolos membros do Club.
- b) Tódolos deportistas teñen os mesmos dereitos e deberes básicos, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e das modalidades deportivas.
- c) O exercicio dos seus dereitos por parte dos deportistas implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de tódolos membros do club.
- d) Corresponde ós órganos de Goberno do Club garantir, no seu respectivo ámbito de actuación, o correcto exercicio e a estricta observancia dos dereitos e deberes dos deportistas nos termos previstos no presente réxime disciplinario.
- e) O réxime disciplinario dos deportistas do clube axustarase ó establecido na lexislación deportiva vixente, en particular a Lei do Deporte de Galicia, pola que se regulan as Entidades Deportivas, así coma os seus Estatutos e o presente Regulamento.

Supervisión

- a) Os membros da Xunta Directiva en xeral, os Vocais Delegados, os Coordinadores Deportivos e Técnicos en particular, poñerán especial cuidado na prevención das actuacións disciplinarias previstas nesta normativa, mediante o contacto e a colaboración constante.
- b) Sen prexuízo de accións posteriores, os técnicos poderán adoptar as medidas pertinentes para manter a orde dentro do equipo, comunicándoas con posterioridade do Coordinador correspondente.

Infraccións

Clasificación: As faltas poderán ser **leves, graves** ou **muy graves**

Son faltas leves:

- a) As fallas inxustificadas de imputualidade
- b) As fallas inxustificadas, non reiteradas de asistencia a adestramentos e encontros deportivos.
- c) Non comunicar ó delegado calquera anomalía ou falla de asistencia a adestramentos, partidos coa suficiente antelación cando sexa posible.



SD CLUB ORDENES

REGLAMENTO INTERNO
ESCUELAS MUNICIPALES DE
FUTBOL BASE

Mod. Reg.Int.

Ed. 1 – 01/2009

- d) A actitude pasiva en relación a súa participación en actividades orientadas ó desenvolvemento dos plans de preparación deportiva, así como ás orientacións dos técnicos respecto a súa aprendizaxe.
- e) A falla de respecto ó exercicio ó dereito a práctica deportiva dos seus compañeiros, así como calquera comportamento incorrecto de carácter leve que poida levarse a cabo en adestramentos, partidos e desprazamentos ou con outros deportistas, árbitros, entrenadores, público ou calquera outra persoa relacionada coa actividade.
- f) O deterioro non grave, e causado intencionadamente, das dependencias do Club, do material do mesmo ou dos obxectos e pertenzas dos demais membros do Club ou de outros clubs.
- g) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa non graves e os actos de agresión física que non teñan carácter grave.
- h) Calquera acto inxustificable que altere levemente o normal desenvolvemento das actividades do Club.

Son faltas graves:

- a) Non acudir a convocatoria dun equipo de calquera categoría aínda que o deportista non pertenza a mesma e que por circunstancias especiais e debidamente justificadas sexa necesaria a súa presenza.
- b) As fallas inxustificadas reiteradas de asistencia, tres seguidas e catro alternas no caso de adestramentos e dúas seguidas e tres alternas no caso de partidos.
- c) A reiterada e continuada falla de respecto ó exercicio do dereito a preparación dos seus compañeiros, así como calquera comportamento incorrecto de carácter grave que poida levarse a cabo en adestramentos, partidos e desprazamentos ou con outros deportistas, árbitros, entrenadores, público ou calquera outra persoa relacionada coa actividade.
- d) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensa grave ós membros do club e outros en deterioro da imaxe do club.
- e) A agresión física grave os demais membros do Club ou de outros membros do Club, así como a xuíces-árbitros, espectadores, etc.
- f) Causar por uso indebido danos graves nos obxectos e dependencias do Club ou nas pertenzas dos demais membros do Club ou de outros Clubs.
- g) Os actos inxustificables que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades do Club.
- h) A reiterada e sistemática comisión de faltas leves nunha mesma tempada.

Son faltas moi graves:


- a) Os actos de indisciplina, inxuria ou ofensas moi graves contra os membros do Club ou outros no deterioro da imaxe do Club.
- b) A agresión física moi grave ós demais membros do Club ou de outros Clubs, así como os xuíces árbitros, espectadores, etc.
- c) A comisión de tres faltas graves durante unha tempada deportiva.

Sancións

Pola comisión das fallas enumeradas imponse as seguintes sancións:

Por faltas leves poderase impoñer algunha das seguintes atendendo as circunstancias de cada caso:

- a) Amonestación privada.
- b) Amonestación por escrito, da que conservará constancia o Vocal da Sección e que no caso dos deportistas menores de dezoito anos será comunicada a pais/nais e ou representantes legais.
- c) Realización de tarefas, se procede, que cooperen a reparación da falta cometida.

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

- d) Realización de tarefas que contribúan a mellora e desenvolvemento das actividades do Club.
- e) Suspensión da práctica deportiva por un período de tempo non superior a dez días. En este caso a suspensión non exime do pago correspondiente das escolas.

Por faltas graves:

- a) Apercibimento, no caso de continuas faltas inxustificadas de asistencia, na que se incluírá un informe detallado do técnico correspondente e do Coordinador correspondente sobre dita actitude.
- b) Realización de tarefas que contribúan a reparación dos danos materiais causados, se procede, ou a mellora e desenvolvemento das actividades do Club. Estas tarefas deberán realizarse por un período que non poderá exceder dun mes.
- f) Suspensión do dereito a práctica deportiva por un período de tempo non superior a vinte días. En este caso a suspensión non exime do pago correspondiente das escolas.

Por faltas moi graves:

- a) Realización de tarefas que contribúan á reparación dos danos materiais causados, se procede, ou o mellor desenvolvemento das actividades do Club. Estas tarefas deberán realizarse por un periodo que non poderá exceder dun mes.
- b) Pérdida do dereito á práctica deportiva por un período entre trinta días e unha tempada deportiva.

A Xunta Directiva poderá acordar a readmisión de deportistas previa petición e comprobación dun cambio positivo na súa actitude.

Competencia para a imposición de sancións.

No caso dos deportistas

- a) Vocal-Delegado previa proposta do Coordinador e do Secretario Técnico, a petición de entrenador cando teñan a consideración de faltas leves.
- b) A Comisión de Disciplina prevista nos Estatutos no caso de faltas graves e moi graves.

No caso de socios e de pais/nais, persoal auxiliar e do organigrama técnico:

Tódalas faltas serán sancionadas pola Comisión de Disciplina, sendo obrigatorio a designación dun instructor.

A Comisión de Disciplina é o órgano que se encarga dos asuntos de disciplina de todo o persoal vencellado o club que puidera incurrir en faltas. Estará formada segundo o previsto nos estatutos.

Do procedemento sancionador

Deportistas

- a) No caso de faltas leves a Vocal-Delegado previa proposta do Coordinador e do Secretario Técnico, a petición do entrenador; será o órgano encargado de establecer a sanción, sempre de acordo co establecido nos Estatutos e no presente regulamento.
- b) No caso de faltas graves ou moi graves a Comisión de Disciplina designará de entre os seus membros un instructor, que abrirá expediente, formulará prego de cargos, dará audiencia o presunto infractor, no caso dos deportistas menores de dezoito anos, os seus pais/nais ou representantes legais, os técnicos, o Coordinador, o Vocal-Delegado e a



SD CLUB ORDENES

REGLAMENTO INTERNO
ESCUELAS MUNICIPALES DE
FUTBOL BASE


Mod. Reg.Int.

Ed. 1 – 01/2009

- cantos persoas, ó seu xuízo, poidan aportar datos de interese xa que finalmente, elevará informe sobre o devandito expediente a Comisión de Disciplina.
- c) No caso de que sexan precisas medidas correctoras con urxencia e, en función da publicidade e notoriedade do acto, poderá actuar directamente a Comisión de Disciplina, sen que se requiran comprobacións na fase de instrucción, previo informe escrito da Vocal-Delegado e con audiencia ó interesado e os seus nais/pais, no caso de menores de idade, e os técnicos. A sanción comunicarase sempre por escrito.
 - d) Os deportistas e os seus nais/ pais, no caso de menores de idade, poderán recusar ó instructor cando a súa conducta ou manifestacións poda inferirse falla de obxectividade na instrucción do expediente.
 - e) A instrucción do expediente deberá acordarse no menor prazo posible e en todo caso non superar os dez días, desde que se tivera coñecemento da falta. As faltas graves e moi graves prescribirán transcorridos tres meses.
 - f) Instruído o expediente, darase audiencia o deportista, e si é menor de idade, os seus/súas nais/pais, comunicándoselles as fallas que se imputan e a proposta de sanción acordada por escrito. O prazo de instrucción do expediente non deberá exceder de sete días hábiles.
 - g) Cando sexan necesarias para garantir o normal desenvolvemento das actividades do Club, o Instructor proporá a Comisión de Disciplina ou o Vocal Delegado, a adopción de medidas provisionales, entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia ó Club, o cambio provisional do equipo do deportista, cando o expediente se incoara por faltas graves.
 - h) A Xunta Directiva, a proposta da Comisión de Disciplina, poderá decidir a non incoación do expediente sancionador cando concurran causas colectivas que así o aconsellen.
 - i) No momento de decidir a resolución ou sobreesimento do expediente disciplinario, para os efectos de graduar a aplicación das sancións que procedan, teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do deportista. Do mesmo modo, poderase instar as nais/ pais do deportista a que adopten as medidas dirixidas a modificar as aludidas circunstancias persoais, familiares ou sociais cando parezan determinantes da conducta do deportista.
 - j) A resolución do expediente deberá producirse nun prazo máximo dun mes desde a data de iniciación do mesmo.
 - k) As sancións impostas poderán ser recorridas en alzada ante a Xunta Directiva.

Das socias, socios, pais, nais e/ou representantes legais

- a) No caso de faltas leves, graves ou moi graves a Comisión de Disciplina designará de entre os seus membros un instructor, que abrirá expediente, formulará prego de cargos, dará audiencia u presunto infractor, os técnicos, o Coordinador, o Vocal-Delegado e a cantas persoas, ó seu xuízo, poidan aportar datos de interese xa que finalmente, elevará informe sobre o devandito expediente a Comisión de Disciplina.
- b) No caso de que sexan precisas medidas correctoras con urxencia e, en función da publicidade e notoriedade do acto, poderá actuar directamente a Comisión de Disciplina, sen que se requiran comprobacións na fase de instrucción, previo informe escrito do Vocal-Delegado e con audiencia o interesado. A sanción comunicarase sempre por escrito.
- c) Poderán recusar o instructor cando a súa conducta ou manifestacións poda inferirse falta de obxectividade na instrucción do expediente.
- d) A instrucción do expediente deberá acordarse no menor prazo posible e en todo caso non superar os dez días, desde que se tivera coñecemento da falta. As faltas graves e moi graves prescribirán transcorridos tres meses.
- e) Instruído o expediente, darase audiencia o presunto infractor, comunicándolle as faltas que se imputan e a proposta de sanción acordada por escrito. O prazo de instrucción do expediente non deberá exceder de sete días hábiles.
- f) Cando sexan necesarias para garantir o normal desenvolvemento das actividades do Club, o Instructor propoñera a Comisión de Disciplina ou o Vocal, a adopción de medidas provisionales, entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia ó Club.
- g) A Xunta Directiva, a proposta da Comisión de Disciplina, poderá decidir a non incoación do expediente sancionador cando concurran causas colectivas que así o aconsellen

 SD CLUB ORDENES	REGLAMENTO INTERNO ESCUELAS MUNICIPALES DE FUTBOL BASE	Mod. Reg.Int.
		Ed. 1 – 01/2009

- h) No momento de decidir a resolución ou sobreesimento do expediente disciplinario, para os efectos de graduar a aplicación das sancións que procedan, teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do presunto infractor.
- i) A resolución do expediente deberá producirse nun prazo máximo dun mes desde a data de iniciación do mesmo.
- j) As sancións impostas poderán ser recorridas en alzada ante a Xunta Directiva.

TITULO VI *NORMAS DE CONVIVENCIA E USO DAS INSTALACIONES E MATERIAIS*

Instalacións Deportivas

Nelas teñen lugar os adestramentos e partidos dos diferentes equipos que conforman o club, e a súa utilización conformarase as seguintes determinacións.

- a) Cada equipo ten asinado o seu horario para utilizalas.
- b) Vocal-Delegado é o responsable de coordinar a súa boa utilización e conservación das mesmas, conforme as indicacións establecidas pola Xunta Directiva.
- c) Para os entrenamentos e actividades deportivas utilizaráanse uns espazos e outros, según as conveniencias ou necesidades da actividade a desenvolver, conforme as indicacións establecidas pola Xunta Directiva.
- d) Sempre que estea un grupo en calquera das instalacións, deberá estar o técnico encargado do grupo, ou o Delgado do mesmo.
- e) As instalacións manteranse limpas, ordeadas, cuidando de que o sair queden as luces apagadas, o material no seu sito e as portas cerradas.
- f) O material deportivo non poderá sacarse da instalación sen o permiso do Vocal-Delegado.
- g) No caso de deterioro ou perda do material deportivo, o deportista ou grupo responsable de tal negligencia estará obrigado a repoñelo.
- h) Os deportistas utilizarán os seus correspondentes vestiarios e duchas.
- i) As actividades deportivas comenzarán puntualmente e finalizarán coa antelación suficiente para dar marxe os deportistas tanto para que o material utilizado quede no seu sito, como para ducharse e vestirse con rapidez e orde.
- j) Cuidarase ó máximo a limpeza nos aseos, debendo quedar éstos sempre nas condicións que a un lle gustase atopalos.
- k) Os deportistas recibirán o equipamento correspondente por parte do persoal encargado do Club, tendo a obriga de usalo e devolvelo en bo uso ó remate da tempada.
- l) Os país, nais, representantes legais están invitados a ver los partidos e entrenamentos únicamente dende as gradas destinadas para elo. O delegado de cada equipo tendrá a obriga de invitalos a abandonar as instalación no caso de incumplimento de esta norma.
- m) Os insultos, ou faltas de respeto dos país, nais ou representantes legais tanto de cara o árbitro como o equipo contrarios serán considerados falta grave ou muy grave.
- n) Os país, nais, ou representantes legales non podrán acudir a zona de vestuarios salvo autorización expresa do Delegado.
- o) Os país, nais, ou representantes legales so podrán viaxar nos autobuses habilitados para os xogadores (en caso de haber sitio) nas categorías de Pre-Benxamin, Benxamin, Alevins et Infantiles.

En Ordes a 01 de Septiembre de 2009
A Xunta Directiva